

PROGRAMA DE OCIO ALTERNATIVO PARA A XUVENTUDE DE RIVEIRA.

“SKpaT”

Apúntate ó Plan da Xuventude de Riveira

Con este programa pretendemos dar alternativas de ocupación do tempo libre á xuventude do municipio.

As actividades prioritariamente realizaranse en periodos vacacionais e fins de semana, momento no que dispoñemos de máis tempo e podemos desenvolver actividades que nos permitan saír da rutina.

O programa de *Ocio Alternativo* ten un carácter estacional (inverno, primavera e outono), é dicir que se programan actividades que podan desenvolverse en función da climatoloxía e condicións da estación correspondente.

Acabáronse as tardes mortas fronte á tele, ou os fins de semana ensimismado e só, morto de aburrimiento. A nova opción para os teus ratos e días libres chámase **SKpaT**, e para que vexas que non só é palabrería, o Concello de Riveira ofréceche unhas cantas actividades para que te divirtas, aprendas, fagas deporte e disfrutes do aire libre e da compañía de xente nova coma tí. Sigue lendo, toma nota, ¡e corre a apuntarte!

¡Veña a mover o corpo!, que tendes un montón de cousas que facer ó aire libre e a natureza vos espera. Acaba co topicazo de que os xóvenes non saben divertirse e ponte a facer senderismo, piragua, rutas a cabalo, tiro con arco, paint-ball,... ¿Qué che parece? Estas son algunhas das actividades que a Concellería de Xuventude do Concello de Riveira te propón.

PROGRAMA 12-17

Esta actuación se dirixe a xoves entre 12 e 17 anos. Trátase de consolidar e estruturar por primeira vez e desde a Oficina Municipal de Información Xuvenil un programa que ofrezca alternativas de tempo libre a adolescentes de forma continuada, ó longo do curso escolar, e nos fins de semana. Vaise traballar con estas idades, de acordo coas recomendacións de expertos en xuventude e os estudos realizados sobre o tema. Estes fundamentaban o programa e indicaban que é na adolescencia, desde os 12 anos ós 17 anos, tal vez con maior relevancia que en outros momentos, cando é necesario contemplar o tempo libre como fundamental no proceso de socialización. E desde dúas perspectivas: primeiro, pola importancia na súa inserción social que pode ter un tempo libre “estructurado”, segundo pola necesidade primordial de que existe un tempo non regrado. E en este dobre sentido, tan importante é traballar por realizar unha oferta de calidade como facilitar a posibilidade de que o xove poda vivir o seu propio tempo.

Cunha visión de futuro é necesario plantexarse a ampliación da diversidade de ofertas, é importante facilitar espazos de encontro e relación, a diversificación da oferta existente mediante un programa dirixido a realizar actividades de mobilidade, participación, descubrimento do entorno, etc., mediante viaxes, excursións, e actividades medioambientais.

PROGRAMA 18-30

O programa consiste en saídas de fin de semana dirixidas a xoves con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos.

Estas saídas tratan de acercar ós xoves coñecemento e disfrute de entornos de interés natural, turístico e cultural. Tamén se practicarán actividades relacionadas con técnicas de Aire Libre (piragua, sendeirismo, cabalos, bicicleta, etc).

Así mesmo a través destas saídas favorecerase a interrelación e coñecemento entre xoves do municipio, posibilitándoles espazos de encontro onde intercambiar experiencias e intereses mutuos.

Estas son algunhas das actividades que se van facer:

- Equitación
- Quads
- Paint-ball
- Concertos
- Escalada
- Rapel
- Ponte Tibetano
- Tirolina
- Formación
- Descenso de Cañóns.
- Rafting
- Puenting
- Cursos e Obradoiros
- Espeleoloxía.
- Sendeirismo
- Mesas redondas
- Orientación
- BTT
- Vela.
- Buceo.
- Piragüismo
- Tiro con arco.
- Etc...